



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
González Álvarez, Dolores  
Graña Rodríguez, Ana María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Uris, Gloria M.  
Rodríguez Vázquez, Virxilio

### DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime  
Lantarón Caeiro, Eva María  
Lorenzo Cimadevila, Henrique  
Pérez Abellás, Adolfo  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Rubio Armesto, Belén

### PDI-A:

Costas González Xosé Henrique  
García Fontán Soledad  
García Pino Antonio  
García-Pintos Escuder Adela  
González Santamaría Pedro  
Llamas Nistal Martín  
Meana Martínez Juan Carlos  
Pou Saracho Juan María  
Reigosa Roger Manuel Joaquín  
Vallejo Pousada Rafael

### PDI-B:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos  
González Santamaría, Pedro

### ESTUDANTES:

Blanco García, Adrián  
Campanini Caffaro, Micaela  
Carrillo Pérez, Rosalía  
Fernández Alvarado, Hadrián  
Pereira Sánchez, Pablo

### PAS:

Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio  
Martínez Gómez, César Enrique

### SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico A.

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

González Jorge, Higinio  
Pérez Cota Manuel  
Pérez Mato, Federico  
Pillado González, Esther  
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier  
Romo Pérez, Vicente  
Vaquero Díaz M<sup>a</sup> Beatriz

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 7 de maio de 2015, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **7 de maio de 2015** ás 11:30 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 27 de marzo de 2015.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do calendario académico do curso 2015/16.
4. Aprobación, se procede, de comisión de servizos.
5. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Pública de São Tomé e Príncipe (São Tomé e Príncipe)* – Convenio específico de colaboración entre Universidade de Vigo e a *Universidade Pública de São Tomé e Príncipe (São Tomé e Príncipe)* para o desenvolvemento de proxectos de cooperación para o desenvolvemento e de formación de posgrao – Convenio específico de cooperación entre a *Universidad Gastón Dachary (Argentina)* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma del Estado de México (México)* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma del Estado de México (México)* para o intercambio de estudantes.
6. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 27 de marzo de 2015.

Tras dar comezo a sesión, o reitor indica que non se presentaron alegacións á acta e, se non hai comentarios por parte dos presentes, propón a súa aprobación.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2. Informe do reitor.**

Antes de iniciar o seu informe, o reitor expresa o sentido recordo para a profesora Mercedes Durany Castrillo (Profesora Titular de Historia Medieval del Campus de Ourense) e amosa o sentido afecto ao seu irmán, o profesor Pepe Durany.

A continuación, comunica o ingreso do catedrático de Ciencia de Materiais e Enxeñaría Metalúrxica, D. Pedro Merino Gómez, profesor emérito da UVigo, na Real Academia Galega de Ciencias, o que supón unha grande noticia para a Universidade.

Informa tamén da entrega á Universidade de Vigo do premio Pontevedreses 2015, na categoría de investigación, importante recoñecemento público outorgado polo Diario de Pontevedra co gallo de 25 aniversario da Universidade. Estes recoñecementos serven de incentivo e anímannos a seguir traballando fabricando futuro, subliña o reitor.

Prosigue o informe dando conta de que a Universidade de Vigo permanece por terceiro ano consecutivo no ránking das 100 mellores universidades de menos de 50 anos, segundo a clasificación elaborada por *Times Higher Education*, o que sen dúbida é un éxito a pesar dos feros ataques contra da universidade pública, que sofren intensamente o impacto da lei de presupostos do estado e a conseguinte taxa de reposición, terreo no que seguimos a traballar para minimizar os seus efectos.

O descenso que experimenta a UVigo do posto 76 ao 88, ao igual que todas as españolas, debe centrarse no marco da aparición na escala doutras universidades, fundamentalmente do pacífico oriental, explica o reitor.

Destaca que as mellores puntuacións acadáronse nos indicativos de impacto da investigación (número de citas), transferencia e ingresos recibidos da industria. Tamén se produciu unha mellora na calidade da docencia e a presenza internacional da Uvigo.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen dá conta da finalización do procedemento xudicial iniciado por D. Juan Carlos Mejuto e un grupo de profesores da universidade, contra o acordo da Comisión Electoral con relación á elaboración das papeletas de votación empregadas nas eleccións de reitor, solicitando a nulidade radical de todo o procedemento posterior.

A secretaria xeral fai un sucinto resumo desta reclamación, que se iniciou o 19 de marzo de 2014, coa presentación dun escrito de reclamación en contra da papeleta aprobada na Comisión Electoral. Tras seren desestimadas as alegacións en relación coa papeleta por dita Comisión, foi presentado recurso diante dos xulgados, procedemento que vén de finalizar o 10 de marzo de 2015, no que foi emitido un auto xudicial declarando a inadmisibilidade do recurso contencioso administrativo por extemporaneidade. Este auto foi declarado firme o 13 de abril de 2015, ao non terse presentado recurso por ningunha das partes e, polo tanto, pon fin á vía xudicial.

Cede o reitor novamente a palabra á secretaria xeral para que informe acerca das reclamacións realizadas polos alumnos da titulación de Ciencias Policiais e Detective Privado, diante das informacións aparecidas en prensa recentemente.

A secretaria lembra que o título propio de Graduado Universitario en Ciencias Policiais e Detective Privado iniciábase no curso 2005/06, e pasou a dividirse en dúas titulacións (Graduado universitario en Ciencias Policiais e Graduado universitario en Detective Privado)

no curso académico 2006/07. Indica que foi declarada a suspensión temporal de ambos títulos en Consello de Goberno do día 22 de xullo de 2009, e por Resolución Reitoral do 4 de xuño de 2012 estableceuse un calendario para a súa extinción.

En xullo de 2013, recibíuse a primeira reclamación en relación a este curso (pola cualificación recibida no PFC) e posteriormente presentáronse diversos escritos, recursos e denuncias realizadas por un grupo de estudantes destas titulacións. Estas reclamacións foron atendidas individualmente e incoouse un expediente de Información Reservada, a fin de esclarecer as causas das reclamacións. En base das conclusións deste informe e da documentación que a acompaña, ditouse unha resolución reitoral acordando o arquivo do expediente administrativo, do que se informou cumpridamente no Consello de Goberno.

Posteriormente, os alumnos presentaron escritos de reclamación por responsabilidade patrimonial e resarcimento de dano moral. Inicialmente foron presentadas 21 reclamacións, solicitando compensacións por importes moi distintos alegando diversos motivos.

Explica a secretaria xeral que, por resolución reitoral acordouse a apertura dos correspondentes expedientes e a acumulación de 14 deles, dada a súa identidade e íntima conexión, nomeándose á Dna. M<sup>a</sup> Ángeles Hermida Paredes, funcionaria da Universidade, como instrutora dos referidos expedientes. O procedemento seguiu os trámites previstos no Real Decreto 429/1993, de 26 de maio, e na Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Como é preceptivo, cando a reclamación supera os 30.000 euros foi solicitado informe do Consello Consultivo de Galicia, quen emitiu o seu ditame con data de 18 de marzo de 2015. A secretaria destaca que neste ditame se recolle de xeito expreso o principio de responsabilidade obxectiva da administración pública que recoñece *O dereito dos particulares a seren indemnizados pola Administración de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, agás nos casos de forza maior, sempre que aquela lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos*. Tamén se recoñece no ditame que foron cumpridas as esixencias de orde procedimental, sobre todo o esencial trámite de audiencia, que permite aos interesados exercer as súas posibilidades de defensa no procedemento administrativo.

En canto ao fondo da cuestión o Consello Consultivo de Galicia, desestima todas as reclamacións presentadas polos alumnos, e limita a responsabilidade á reclamación relativa ao título intermedio. A secretaria dá lectura ao parágrafo final do devandito ditame que indica:

*En consecuencia, este Consello, tendo en conta que o prexuízo se cingue exclusivamente á frustración padecida polos reclamantes en canto a imposibilidade de obter o título intermedio (aínda que non debe ignorarse que acadaron finalmente as titulacións propias de “Graduado universitario en ciencias policiais” e “Graduado universitario en detective privado”) e a salvidade que se indica na consideración primeira deste ditame respecto das contías das indemnizacións solicitadas e a competencia para coñecerla, considera adecuado recoñecer aos reclamantes o dereito a percibir cada un deles unha indemnización por todos os conceptos, de 3.000 euros, cantidade que deberá entenderse actualizada a data de emisión do presente ditame.*

Continúa a secretaria xeral subliñando que o equipo de goberno acata o ditame do Consello Consultivo, e xa está a ditar as correspondentes resolucións reitorais para proceder ao aboamento desta cantidade. Tamén aclara que, se ben o Consello Consultivo é competente só

nos casos nos que a reclamación supera os 30.000 euros e, polo tanto, o seu ditame, este goberno entende que o recoñecemento debe facerse extensivo a todos os reclamantes.

Finalizado o informe, pregunta o reitor se alguén desexa algunha aclaración ao respecto e, non habendo intervencións, prosigue co seguinte punto da orde do día.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, do calendario académico do curso 2015/16.

Cede a palabra o reitor á secretaria xeral para a presentación da proposta de Calendario Académico.

Pide desculpas a secretaria porque no envío da documentación coa convocatoria non foi axuntado o calendario académico do Centro Universitario da Defensa de Marín, polo que se fixeron copias que se puxeron a disposición dos membros na mesa de control de asistencia e na propia Mesa da Presidencia. Explica que, como xa é coñecido polos membros do Consello de Goberno, o calendario do CUD é moi específico e vén moi delimitado polos condicionantes do Ministerio de Defensa, polo que non se poden introducir demasiadas variacións.

O calendario académico xeral foi elaborado seguindo as liñas básicas do ano pasado: definir só as datas de inicio e final dos períodos académicos, e os límites máximos de períodos de entrega de actas, deixando liberdade para que os centros organicen os períodos de avaliación.

- A proposta de calendario foi remitida a tódolos centros o día 14 de abril, dándose un marxe ata o día 23 para a presentación de comentarios e suxestións. Presentáronse un total de 5 comentarios dos centros seguintes: Enx. de Telecomunicación, Facultade de CC de Educación de Ourense, Escola de Enxeñaría informática de Ourense, Facultade de Historia e Escola de Enxeñaría Industrial.
- Ademais da corrección de pequenos erros nas datas, procurouse atender todas as suxestións na medida do posible. Non foi factible atender a suxestión feita pola EEI, que propoñía adiantar a data de comezo do segundo cuadrimestre ao día 18, eses tres días adicionais permitirían un mellor axuste dos períodos de exame e convocatorias de defensa do TFG. Indica a secretaria que se analizou a proposta, xa que, en efecto, permitiría solucionar problemas ao final de curso, pero implica acortar o primeiro cuadrimestre nuns días do mes de decembro, e dada a presenza das vacacións de nadal, acortar este mes suscita dificultades nalgúns centros. Terase en conta para posteriores cursos.
- Comenta tamén a proposta dun centro de que nas guías docentes non sexa necesario facer constar a data e lugar de realización dos exames, senón que fora suficiente indicar o lugar de publicación de ditos datos. Lembra a secretaria que o artigo 101 dos Estatutos obriga a que esta data deberá ser publicada antes do período de matriculación e, polo tanto, é necesario facelo constar de xeito específico nas guías.
- Engade a secretaria que xusto antes do comezo da sesión, o director da EEI presentou unha nova suxestión, na que se propón que o curso académico e só para os alumnos de fin de carreira non remate en xullo, senón en setembro, que será engadida á acta (**Anexo I**). Xa que o director está presente, solicita ao reitor que lle ceda a palabra para explicar esta proposta.

O reitor cede a palabra ao profesor Pou Saracho.

Expón o director da EEI a súa proposta, indicando que o feito de que o decreto indica que as titulacións rematan co TFG xera problemas para defender o traballo fin de grao en xullo, especialmente os alumnos que están realizando prácticas ou de Erasmus. Remarca que se trata de bos alumnos que, por problemas de datas, vense na obriga de defender o TFG en setembro. Polo que esta proposta vai na liña de que ao considerarse setembro unha convocatoria do mesmo curso, non teñan que pagar o recargo por 2ª matrícula.

Indica o reitor que a presentación da proposta no último momento non permite a súa valoración, nin determinar as súas repercusións. Polo que propón que se delegue na Secretaría Xeral a súa consideración.

A profesora Belén Rubio indica que o feito de que o peche das actas de Grao finalice o 6 de febreiro causa problemas aos alumnos que desexan modificar matrícula, xa que o período de modificación finaliza a finais de xaneiro. Solicita que se revise ese período de modificación, xa que o de actas lle parece correcto.

Explica a secretaria que durante a elaboración do calendario, falouse cos servizos e cos calendarios provisionais de matrícula de grao e máster non había coincidencias. Examinárase e tentárase corrixir ese solape.

O profesor Bienvenido Díez, como representante sindical, solicita que, ao igual que se envía a proposta inicial de calendario académico aos centros, se envíe aos órganos de representación. Xa que este calendario condiciona a actividade laboral dos profesores debe existir a posibilidade de realizar suxestións.

A secretaria xeral toma nota da solicitude e así se fará en cursos posteriores.

O profesor Álvarez Villamarín fai unha reflexión sobre os días festivos polos patróns dos centros. Considera que en ocasións interfere co desenvolvemento do actual sistema educativo, especialmente co traslado dos días festivos aos luns ou venres, xa que deste xeito todas as datas afectan sistematicamente as mesmas materias. Considera que se debería analizar esta situación e propón alternativas, como desprazar as festas dos patróns a períodos non lectivos ou realizar unha festa única para toda a Universidade, na que se festexen todos os patróns dos centros. Comprende que aquelas festas de maior tradición, “san teleco” ou “san pepe”, poden verse afectadas, pero insiste en que debe realizarse unha reflexión ao respecto e considerar a “obrigatoriedade” dese día do patrón.

Comenta a decana de Fisioterapia, dona Eva Lantarón, que non debe haber tal obligatoriedade, xa que no seu centro non existe un día do patrón.

Finalizada a rolda de intervencións, indica o reitor que a proposta é, polo tanto, aprobar o calendario académico do CUD e o xeral, delegando na secretaria xeral a consideración da proposta realizada polo director da EEI.

Apróbase por asentimento o calendario académico (**Anexo II**).

#### **Punto 4.** Aprobación, se procede, de comisión de servizos.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen fai a presentación da solicitude de comisión de servizos Dra. María Luisa Rodicio García, para incorporarse no Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de

Investigación. Trátase dunha profesora titular da área de Métodos de Investigación y Diagnóstico en Educación no Departamento de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación da Universidade da Coruña. Presentou os informes favorables dos departamentos de saída e de recepción, xa foi aprobada a comisión de servizos pola COAP e, de feito, xa está incorporada. Só falta a aprobación do Consello de Goberno, polo que propón a aprobación desta comisión de servizos.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Pública de São Tomé e Príncipe (São Tomé e Príncipe)* – Convenio específico de colaboración entre Universidade de Vigo e a *Universidade Pública de São Tomé e Príncipe (São Tomé e Príncipe)* para o desenvolvemento de proxectos de cooperación para o desenvolvemento e de formación de posgrao – Convenio específico de cooperación entre a *Universidad Gastón Dachary (Argentina)* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma del Estado de México (México)* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma del Estado de México (México)* para o intercambio de estudantes.

Expón o reitor que non hai ningún aspecto específico a destacar destes convenios, polo que se propón a súa aprobación.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 6.** Rogos e preguntas.

Toma a palabra dona Micaela Campanini, representante de alumnos, para realizar unha pregunta en nome do seu compañeiro Hadrián Fernández Alvarado, pedindo explicacións en relación coa ausencia de representación da Universidade de Vigo na lectura da declaración de Salamanca, que tivo lugar en Santiago de Compostela.

Responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado dicindo que foi debido a un malentendido, que non houbo intención de non participar. De feito, non chegou a recibir unha comunicación formal, nin a notificación de lugar e hora. Reitera que foi ese malentendido o que impediu que houbese unha representación do goberno da UVigo.

Intervén a profesora Rosa Pérez, quen explica que o malentendido produciuse porque había moita xente organizando o acto, e confirma que por iso non se realizou a invitación formal.

O reitor confirma que tampouco recibiu ningunha comunicación. Suxire que se a conferencia de decanos organiza un acto e requiren o apoio das universidades, deberían organizalo ben, para que a declaración puidera ser lida en cada universidade, non só na USC.

Toma a palabra, novamente, a profesora Rosa Pérez, quen retoma a suxestión realizada por un centro, en relación con que nas guías docentes figure a datas dos exames. Propón unha reflexión ao respecto, xa que nunha metodoloxía docente dirixida a unha avaliación continua, non parece factible fixar as datas de todas as probas de avaliación que se realizan nas distintas materias.

Responde a secretaria xeral aclarando que, polo de agora, é preceptivo. Lembra que, ademais do artigo anteriormente indicado dos Estatutos, o Regulamento de estudantes, no seu artigo 12, especifica que *Tódolos estudantes matriculados nunha materia teñen dereito a realiza-los*

*exames finais e Os exames finais deberán ser realizados nas datas e na modalidade aprobada pola Xunta de Centro con anterioridade ó prazo de matrícula, non cabendo máis modificacións cáas derivadas de causas de forza maior. No caso de que se alteren as datas, garantirase o dereito a exame evitando as incompatibilidades.* Polo tanto, ata que non se modifique a normativa actual, con independencia do sistema de avaliación continua, é necesario realizar un exame final cuxa data debe ser fixada con anterioridade a matrícula e debe ser esa a que se fixe nas guías docentes. Se se desexa facer constar a data doutras probas está ben, pero ese exame final vén imposto pola normativa.

Engade o reitor que no proceso de revisión de Estatutos e regulamentos que se está a desenvolver, haberá que estudar a adecuación das normativas ao actual sistema de docencia e avaliación. Aclara que xa está en marcha un grupo de traballo con representación do alumnado e a vicerreitora de Estudantes, que está avanzando precisamente na revisión do Regulamento de estudantes.

O profesor Bienvenido Díez pregunta acerca da evolución da situación dos Parga Pondal e dos axudantes doutores. Responde o reitor que no próximo Consello de Goberno explicárase o plan que se propón, despois dos distintos intentos realizados, e que foron pechados por sucesivas voltas de torca da lexislación. Esta situación fai necesario un esforzo de imaxinación para que estas persoas teñan un contrato que, tal vez, non sexa o mellor, pero que estea de acordo da norma e que, polo tanto, sexa viable. Este proceso está bastante avanzado como informará a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

Aclara a vicerreitora que mañá ás 11h mesmo haberá unha xuntanza cos colectivos implicados para informarlles da proposta. E, posteriormente, reunirase cos sindicatos.

Toma palabra o representante do PAS, o Sr. Cebro Rodríguez, quen suscita tres temas:

- Lembra que hai un ano que se ditou unha sentenza que daba a razón aos 200 compañeiros na súa reclamación polo complemento específico. Considera ridículo que unha reclamación así tivera que chegar aos tribunais, dada a cantidade que implicaba. A UVigo recorreu ante o TSX, o que considera un sensentido ao ser un importe inferior a 30.000 euros. Expón que os argumentos presentados polo vicerreitor foron tombados polo xuíz. Estes recursos implican un retraso de anos que, na súa opinión, non se xustifican.
- Pide que se contesten os escritos da Xunta de Persoal que presentan por rexistro. Expón o caso concreto dunha reclamación dun PAS de fisioterapia, para que se lle recoñeza o complemento, sen modificar a RPT, como se recoñecera no caso da reclamación dun PAS do CACTI.
- En canto á negociación da RPT do persoal funcionario, di que hai liñas xerais nas reunións, pero non hai concreción, polo que na súa opinión tan só se filosofa; en paralelo na negociación do PAS laboral si que existe concreción, e polo tanto avances.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación á primeira das cuestións, e explica que a Universidade de Vigo acata as sentenzas cando sexan firmes. Namentres, a decisión de recorrer ou non a sentenza a definen os letrados da Universidade, e sempre co obxectivo de defender os intereses da Universidade.

Continúa dicindo que aínda que, finalmente, a sentenza neste caso sexa firme e contraria a postura da Universidade, pero as dúbidas que se tiñan quedan palmariamente recollidas. Reitera que a sentenza será acatada.

Intervén o xerente en relación ao segundo dos puntos propostos polo Sr. Cebro. Di que se responden a todos os escritos. Se neste caso non foi así, xa solicitou que se volviera a enviar o escrito, de tódolos xeitos, darase resposta.

En resposta ao apartado da RPT, indica que se mantiveron reunións co persoal dos distintos ámbitos e campus, nas que se realizou unha análise de todos os aspectos, todo está publicado e considera que si se teñen producido avances. Xa se dispón de toda a información necesaria para definir a estrutura e están a traballar para redactar un documento o máis acaído posible. Recoñece que pola parte sindical tamén se está traballando, polo que as relacións para a negociación son boas.

O reitor intervén para explicar que o seu desexo era que a proposta se elaborase coa opinión de todos o persoal da Universidade, aínda que isto poda provocar un retraso. A intención é que a proposta final sexa da institución, non do goberno, e esa proposta debe estar ben fundamentada, para que a negociación sexa frutífera.


Toma a palabra o profesor Pedro González para tratar dous asuntos. En canto ao tema xudicial, súmase ao lamento do Sr. Cebro polo feito de que se recorra todas as sentenzas, xa que se orixinan gastos á institución e prexuízos aos reclamantes. Nun segundo tema, pregunta pola solicitude de información enviada á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, en relación co número de horas por departamento que non se van recoñecer polos TFG.

Responde a vicerreitora que non se recibiu o correo electrónico coa solicitude, non pode dar a resposta, xa que depende de como se realice a pregunta. Reitera que os recoñecementos existen para os traballos aprobados no curso 13/14, polo tanto só se demoran no tempo. O profesor Pedro González pregunta por que se trasladan os recoñecementos a outro curso. Responde a vicerreitora que sucede como cos recoñecementos dos PFC, concédense pero se demoran no tempo.

En relación ao primeiro tema abordado polo profesor González, o reitor explica que a Asesoría Xurídica da Universidade valora se debe presentar un recurso ou non. Hai ocasións nas que se recorre non polo resultado final, senón porque pode haber partes da redacción da sentenza nas que se recollen aspectos que poden afectar á imaxe da institución. Reitera que son os letrados os que valoran en cada caso a mellor actuación para o beneficio da Universidade. Non desexa que persista a idea de que se recorre sistematicamente, senón que se consideran todos os aspectos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:30 h do día 7 de maio de 2015, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor  
  
 Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral  
  
 Gloria M. Peña Uris